



Facturación electrónica obligatoria: domina *VeriFactu* e *Facturae* dende o teu ERP



30.06.2026



10:00 – 11:00 H



STREAMING

Cal é o programa?

› Benvida e introdución

A transformación dixital nas empresas e o papel dun ERP multisectorial.

› Visión integral da empresa

Compras, vendas, almacén, finanzas, contabilidade e CRM.

› Mobilidade e acceso á Información

Ferramentas móbiles e acceso aos datos en tempo real.

› Toma de decisións baseada en datos

Business Intelligence, cadros de mando e indicadores clave.

› Dixitalización dos procesos

Trazabilidade, produción, proxectos e servizo técnico.

› Novas oportunidades de negocio

E-Commerce, automatización e mellora da experiencia do cliente.

› Casos prácticos e demostración

Exemplos reais de aplicación en distintos sectores.

› Quenda de preguntas e respostas.

Por que?

Presentar como un ERP integra e automatiza os procesos empresariais nunha única plataforma, mellorando a eficiencia, o control da información e a toma de decisións. A sesión mostrará unha solución modular e adaptable a distintos sectores, con exemplos prácticos en distribución, retail, servizos técnicos, fabricación e xestión de proxectos.

Inscríbete!

Cando e onde?

30 de xuño de 2026

De 10:00 a 11:00 H

› Streaming

Para quen?

Este webinar está dirixido a responsables de dirección, xerencia, administración, finanzas, operacións e tecnoloxía de pequenas e medianas empresas que buscan mellorar a xestión e o control dos seus procesos. A solución presentada é especialmente axeitada para empresas de distribución, fabricación, servizos técnicos, alimentación, subministracións industriais, comercio retail, téxtil, automoción, náutica, carpintería e outros sectores que precisen integrar e optimizar a súa operativa diaria.

Quen imparte?

TeamSystem | Distrito.K é unha empresa galega con sede na Coruña que, desde 1997, desenvolve e implanta solucións de software de xestión empresarial para todo tipo de empresas e sectores.

Con máis de 6.000 clientes, 17.000 licenzas instaladas e 48.000 usuarios, consolidouse como un referente no mercado nacional, destacando pola súa experiencia, proximidade ao cliente e capacidade para ofrecer solucións adaptadas ás necesidades reais das empresas.

Sonia Varela, encargada da presentación, é consultora de software especializada en solucións ERP, con máis de 20 anos de experiencia axudando a empresas a mellorar a súa xestión e rendibilidade a través da tecnoloxía. Ao longo da súa traxectoria, traballou con numerosas empresas do sector da construción e instalacións, coñecendo de primeira man os seus retos e necesidades reais.